



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Socioloxía económica e das organizacións		Código	615G01207	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Masso Lago, Matilde	Correo electrónico	m.mass@udc.es		
Profesorado	Cabaleiro Durán, David	Correo electrónico	david.cabaleiro.duran@udc.es		
	Masso Lago, Matilde		m.mass@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>A Socioloxía Económica é o estudo sistemático das relacións sociais de intercambio que os individuos establecen entre si, e das institucións económicas que se derivan destas relacións, e que ao mesmo tempo as condicionan. Partindo desta definición operativa, o curso céntrase no estudo da natureza das relacións sociais de carácter económico, así como das institucións relacionadas coa produción, distribución e consumo de bens e servizos escasos, en concreto mercados e diñeiro.</p> <p>Na segunda parte do curso preséntanse os fundamentos da socioloxía das organizacións. Centrarémonos nos principais enfoques aplicados para comprender os modelos organizativos das empresas, que constitúen os principais axentes da actividade económica.</p> <p>O curso presenta un alto contido metodolóxico e práctico.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar e explicar as principais diferenzas entre a economía e a socioloxía a hora de estudar a acción social	A9 A24 A26 A34 A35 A36	B3 B9 B11 B13 B25	C4 C6
Saber definir e identificar qué son as institucións sociais, os seus compoñentes e funcionamento	A9 A14 A15 A24 A25 A29	B1 B3 B6 B13 B17 B25 B26 B27	C4 C5
Coñecer as principais hipóteses e perspectivas teóricas sociolóxicas sobre as transformacións das institucións económicas	A9 A24	B3 B13 B25	C4 C6



Identificar as características máis importantes dos mercados como institucións sociais, e os principais enfoques sociolóxicos da análise do mercado	A9 A24 A35	B3 B9 B11 B13 B25	C4
Comprender por que o diñeiro é unha institución social. Identificar as súas funcións e coñecer os principais enfoques sociolóxicos do comportamento monetario	A14 A17 A20 A35	B1 B3 B13 B17 B25	C4 C6
Identificar as distintas teorías sobre as organizacións e coñecer a súa vertiente aplicada á realidade social.	A9 A24 A25 A29	B2 B3 B17 B18 B25	C6
Diagnosticar problemas organizativos, analiza-los e propoñer solucións.	A17 A25 A29 A35	B2 B3 B13 B22	C5
Diseñar, planificar, realizar e exponer oralmente un proxecto de investigación sobre as principais temáticas da socioloxía económica	A9 A15 A17 A24	B1 B2 B3 B6 B9 B11 B12 B13 B17 B25	C4 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Tema 1. Fundamentos da socioloxía económica: De que falamos cando falamos de acción económica? Comportámonos como seres racionais no ámbito económico-monetario ou somos previsiblemente irracionais? Que modelos de racionalidade contempla a socioloxía? Por que non é posible predicir o comportamento humano aínda que sexa racional?</p>	<p>1.1. A socioloxía económica e organizacional no contexto da socioloxía xeral 1.2. O modelo de acción social da socioloxía económica vs. o modelo económico neoclásico 1.3. A nova socioloxía económica: o concepto de embeddedness 1.4. Cinco conceptos clave para entender a acción económica: poder, redes sociais, moral, valores e cultura 1.5. racionalidade vs. a irracionalidade no comportamento monetario: o papel das emocións e as expectativas ficticias</p>
<p>Tema 2. O papel das institucións na socioloxía económica: Por que son importantes as institucións para comprender a realidade social e económica? Que son as institucións sociais e cales son os seus compoñentes?</p>	<p>2.1. O concepto de institución social en debate: novo e vello institucionalismo na socioloxía económica 2.2. O modelo analítico de Richard Scott para analizar as institucións: sistemas reguladores, normativos e cultural-cognitivos. Concepto de lexitimidade de entrada e saída de Habermas. 2.3. Institucións e organizacións: o modelo de Richard Scott (II) para entender a organización das institucións 2.4. Principais institucións económicas: mercados, empresas e diñeiro</p>



<p>Tema 3. Os mercados como estruturas sociais: Que é o mercado e o sistema de mercado? Por que o sistema de mercado é unha institución social? Teñen os mercados unha estrutura social? Funciona o mercado segundo o modelo de competencia perfecta ou existen relacións de poder asimétricas? O mercado produce desigualdade ou funciona a través de mecanismos meritocráticos? Que normas de comportamento prevalecen no sistema de mercado?</p>	<p>3.1. O mercado como institución social: breve perspectiva histórica 3.2. Mercados e sistemas de mercado: Características do funcionamento do sistema de mercado. Coordinación a través do sistema de prezos. 3.3. Da economía de mercado á sociedade de mercado: a cultura e as normas do sistema de mercado. 3.4. As ambivalencias e límites do sistema de mercado: Atribucións morais do sistema de mercado. As ?ineficiencias? do sistema de mercado: a desigualdade social e o límite ambiental.</p>
<p>Tema 4. O diñeiro como institución social. Por que o diñeiro é unha institución social? Por que o diñeiro é unha débeda impersoal? Como consegue o diñeiro transportar valor abstracto? Son as criptomonedas unha innovación disruptiva? A forma que toma o diñeiro ten efectos na economía real e na sociedade?</p>	<p>4.1. Orixes do diñeiro: O falso mito do troco e o reduccionismo histórico do homo economicus. teorías cartalistas. 4.2. Que é o diñeiro? funcións do diñeiro. diñeiro como débeda 4.3. Do patrón ouro ás criptomonedas: tipos de diñeiro, dixitalización e exclusión financeira. 4.4. Comportamento monetario: a teoría da marcación do diñeiro de V. Zelitzer e a contabilidade mental de R. Thaler.</p>
<p>Tema 5. Organizacións e empresas: Que é unha organización e cales son os compoñentes organizativos máis importantes dunha empresa? Cales son os principais modelos organizativos e que efectos teñen sobre as actitudes e satisfacción dos traballadores/as? Cales son algúns dos principais retos dos diferentes modelos organizativos?</p>	<p>5.1. Que é unha organización. A organización empresarial: división técnico-productiva; sistemas de autoridade. 5.2. O modelo burocrático e posburocrático. 5.3. Fordismo e posfordismo: o enfoque da rede e o paradigma da flexibilidade 5.4. Retos organizativos: obxectivos individuais e obxectivos colectivos; o desaxuste de medios, fins organizativos e lexitimidade organizativa; o comezo da incompetencia de Peter</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A9 A20 A24 A25 A29 A35 B3 B13 B17 B22 B25 B26 B27 C4 C6	20	20	40
Discusión dirixida	A9 A14 A24 B12 B22 B25	10	15	25
Proba práctica	A9 A14 A15 A17 A20 A24 A26 A36 B1 B2 B3 B9 B11 B12 B13 B17 B25 B26 C4 C5 C6	10	34	44
Proba obxectiva	A9 A14 A34 B6 B13 B17 B25 B26 B27 C4 C6	3	22	25
Actividades iniciais	A14 A24 A25 B3 B12 B18 B22 B25 B26 B27 C6	2	8	10
Atención personalizada		6	0	6
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Estarán centradas na exposición teórica por parte do profesor da materia correspondente a cada Tema, utilizando para iso abundante material visual (presentacións en Power-Point). Estas exposicións darán conta dos aspectos máis relevantes que comprende o tema correspondente, pero non esgotarán o seu contido senón que deixarán para o alumno/á iniciativa de buscar, ordenar e sintetizar toda a información fornecida. Deste xeito o alumno/a pasará a ter un rol máis activo. Durante a exposición animarase ao alumnado a realizar preguntas e suscitar dúbidas sobre calquera cuestión que non se comprenda adecuadamente.
Discusión dirixida	Nas clases de grupos reducidos (interactivos) se debatirán os textos obrigatorios de cada tema. As preguntas que orientan o debate serán adelantadas polo profesor para o seu estudo individual ou en grupo.
Proba práctica	Realización de traballos prácticos en equipo que os alumnos deben facer ao longo do curso sobre as temáticas propostas na aula
Proba obxectiva	Realización dunha proba escrita sobre os principais contidos da materia
Actividades iniciais	Consulta sobre o coñecemento que os alumnos teñen sobre cada tema. Ditas actividades se realizarán ó comenzo de cada tema.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Proba práctica	As sesións magistrais e as discusións en grupo proporcionarán ao alumno material suficiente para resolver con éxito as probas prácticas. Ao longo do curso facilitaranse datos e fontes de datos para axudar á comprensión dos temas. Recomendase tamén o uso das tutorías individuais para resolver dúbidas acerca dos contidos, los exercicios prácticos etc.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A9 A14 A24 B12 B22 B25	A participación activa nos grupos interactivos será valorada en función da asistencia e a realización de breves exercicios prácticos de seguimento.	10
Proba obxectiva	A9 A14 A34 B6 B13 B17 B25 B26 B27 C4 C6	Proba de avaliación final sobre as principais temáticas abordadas na aula	60
Proba práctica	A9 A14 A15 A17 A20 A24 A26 A36 B1 B2 B3 B9 B11 B12 B13 B17 B25 B26 C4 C5 C6	Exercicios prácticos sobre as temáticas explicadas en clase. Os mencionados exercicios planificaránse con antelación. Para aprobar a materia é imprescindible aprobar as prácticas. A nota das mesmas será a media de tódolos exercicios realizados e entregados en tempo e forma. A asistencia ás sesións prácticas é condición necesaria para entregar o exercicio.	30
Outros			

Observacións avaliación



Avaliación continua Para superar a asignatura e imprescindible aprobar o examen final e as prácticas. As dúas partes apróbanse cun 5. A nota final será a suma ponderada das dúas partes máis a puntuación ponderada das discusións dirixidas. No caso de suspender na primeira convocatoria en Xuño, o alumno terá que facer en Xullo un examen de recuperación de todo o curso.

Aqueles alumnos que aproben as prácticas en Xuño pero suspendan o examen teórico poderán manter as notas das prácticas en Xullo. A súa nota final da segunda convocatoria será a media de ambas cualificacións.

Avaliación final no continua

Aqueles alumnos que non poidan asistir regularmente a clase, e especificamente as clases prácticas, deberán optar pola avaliación final consistente nunha proba obxectiva que terá un peso dun 100% da nota final.

Dispensa académica

Os alumnos/as con dispensa académica poderán seguir a asignatura a través dos materiais expostos no moddle. A avaliación farse a través dunha proba obxectiva que incúa a parte teórica e práctica.

Plaxio

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria.

Fontes de información

Bibliografía básica

- BECKERT, j. (2002). Beyond the Market. The Social Foundations of Economic Efficiency. Princeton : Princeton University Press
- ENGUIA, MARIANO F. (1998). Economía y Sociología. CIS. Madrid
- Ingham G. (2010). Capitalismo . Cambridge: Polity Press.
- Lee Mudge. (2008). What is neo-liberalism?. Socio Economic Review
- Polanyi, K (2003). La gran transformación. México: Fondo de cultura económica.
- SMELSER N. J. y SWEDBERG, R. eds. (2005). Handbook of Economic Sociology. Princeton
- Portes, A (2013). Sociología económica. Una investigación sistemática. Madrid: CIS
- Ariely, D. (2008). Las trampas del deseo. Cómo controlar los impulsos irracionales que nos llevan al error. Barcelona: Ariel
- Granovetter, M (2003). Acción económica y estructura social: el problema de la incrustación. Madrid: CIS
- Raworth, K. (2018). Economía rosquilla: 7 maneras de pensar la economía del siglo XXI. . Barcelona. Paidós
- Lindblont, Ch. (2002). El sistema de mercado : qué es, cómo funciona y cómo entenderlo . Madrid: Alianza
- Searle, J (1997). La construcción de la realidad social. Barcelona: Paidós



Bibliografía complementaria	<p>- () .</p> <p>- BRUNET,I y PASTOR,I. (2003). Ciencia, sociedad y economía. Fundamentos, Madrid</p> <p>- WEBER, M. (1977). Economía y sociedad. F.C.E. México</p> <p>- PFEFFER,J. (1981). El poder en las organizaciones. McGraw Hill, Madrid</p> <p>- SCHUMPETER, J.A. (1968). Capitalismo, socialismo y democracia. Aguilar, Madrid</p> <p>- SIMMEL, G. (1977). Filosofía del dinero. IEP Madrid</p> <p>- SOMBART,W. (1993). El burgués. Alianza, Madrid</p> <p>- HOFSTEDE, G. (1999). Culturas y organizaciones. MaAlianza Editorialdrid.</p> <p>- CROZIER, M. (1963). El fenómeno burocrático. Amorrortu Buenos Aires</p> <p>- AA.VV. (1997). Revista Española de Investigación Sociológica. Nº 77-78. Madrid. CIS</p> <p>- PARETO, W. (1980). Forma y equilibrio sociales. Alianza, Madrid</p> <p>- MISES, L. V. (1955). La acción humana: tratado de economía. Ed. Unión. Madrid</p> <p>- ETZIONI, AMITAI (2007). La dimensión moral: hacia una nueva economía. Palabra, Madrid</p> <p>- DURKHEIM, E. (1987). La división del trabajo social. Akal, Madrid</p> <p>- BELTRÁN, M. (1977). La élite burocrática española. Ariel, Barcelona</p> <p>- CASTELLS, M. (1999). La era de la información:Economía, sociedad y cultura. Alianza, Madrid</p> <p>- MINTZBERG, H. (1984). La estructuración de las organizaciones. Ariel, Barcelona</p> <p>- POLANYI, k. (2006). La gran transformación. F.C.E. México</p> <p>- GUTIERREZ, R. (2001). La nueva sociología económica: desarrollo y programa. CIS, Madrid</p> <p>- BOURDIEU, P. (2001). Las estructuras sociales de la economía. Ed. Manantial, Buenos Aires</p> <p>- WILLIAMSON, O.E. (1989). Las instituciones económicas del capitalismo. f.c.e. México</p> <p>- HIRSCHMANN, A.O. (1978). Las pasiones y los intereses. F.C.E. México</p> <p>- MINGIONE, E. (1994). Las sociedades fragmentadas. Una sociología de la vida económica más allá del paradigma del mercado. MTSS, Madrid</p> <p>- AA.VV (1993). Lecturas de Teoría de la Organización. Madrid. M.A.P.</p> <p>- BELTRÁN, M. (1985). Los funcionarios ante la reforma de la administración. CIS Madrid</p> <p>- MICHELS, R. (1979). Los partidos políticos. Amorrortu Buenos Aires</p> <p>- MARX, KARL (1977). Manuscritos: Economía y Filosofía. Alianza, Madrid</p> <p>- WILLIAMSON, O.E. (1991). Mercados y jerarquías. F.C.E. México</p> <p>- INGLEHART, R. y WELZEL CH. (2006). Modernización, cambio cultural y democracia: la secuencia del desarrollo humano. CIS Madrid</p> <p>- SUÁREZ, A. (2001). Nueva economía y nueva sociedad. Los grandes desafíos del siglo XXI. Pearson, Madrid</p> <p>- HALL, R. (1972). Organizaciones: estructura y proceso. Prentice Hall, Madrid</p> <p>- HIRSCHMANN,,A.O. (1977). Salida, voz y lealtad. F.C.E. Mexico</p> <p>- MAYNTZ,R. (1963). Sociología de la organización. Alianza, Madrid</p> <p>- SMELSER, N. (1965). Sociología de la vida económica. Ed. UTEHA. México</p> <p>- PERROW,C. (1971). Sociología de las organizaciones. McGraw Hill, Madrid</p> <p>- LUCAS MARIN, A. (2002). Sociología de las organizaciones. Madrid. McGraw Hill</p> <p>- VEBLEN, T. (1973). Teoría de la clase ociosa. Un estudio económico de la evolución de las instituciones. F.C.E. México</p> <p>- POWELL,W. y DIMAGGIO, P. (1991). The new Institutionalism in organizational analysis. Chicago UCP</p> <p>- BECKER, GARY (1987). Tratado sobre la familia. Alianza, Madrid</p> <p>- GARMENDIA, J.A((1994). Tres culturas. Organización y recursos humanos.</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Introducción á socioloxía/615G01103

Economía política/615G01104

Materias que se recomienda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario

Teoría Sociolóxica I/615011202

Teoría Sociolóxica II/615011302

Crecedemento e desenvolvemento económico/615G01404
--

A función dos recursos humanos na empresa/615G01414

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías
--